



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, poño no seu coñecemento que o Sr. Alcalde con esta data ditou o seguinte Decreto:

DECRETO Convocatoria sesión Pleno.

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e acordo do Pleno da Corporación, no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985 do 2 de abril en relación co artigo 61.1.c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

1º.-Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación a realizar o próximo día 31 de maio de 2017 ás 19:30 horas no salón de sesións da Casa do Concello.

2º.-Notifíquese a presente convocatoria a tódolos membros da corporación.

3º.-A orde do día constará dos seguintes asuntos:

Parte resolutiva.

1.- Aprobación se procede de acta de sesión anterior.

2.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

3.- Contrato patrocinio Club KDM.

4.- Convenio subvención Cabanas Rural, Asociación de Mulleres.

5.- Financiamento proxecto ampliación refuxio animais de Mougá.

6.- Financiamento convenio Mancomunidade coa Axencia de Turismo de Galicia do ano 2017.

7.- Solicitud subvención Mancomunidade á Axencia de Turismo de Galicia para apoio investimentos fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.

8.- Solicitud subvención Mancomunidade para o fomento do cooperativismo.

9.- Plan especial protección e conservación dos espazos litorais. Proposta concelleiro de PDDdG.

10.- Renda de Inclusión Social de Galicia. Proposta concelleiro de PDDdG.

11.- Comparecencia sobre actuacións no piñeiral da Madalena. Proposta concelleiro do BNG.

12.- Ratificación resolucións Alcaldía.

a) Resolución modificación proxecto Reparación edificio escola laica 1ª fase.

b) Resolución solicitud subvención obradoiro emprego agrupación concellos.

c) Resolución solicitud subvención información xuvenil agrupación concellos.

Parte de control órganos da Corporación.

13.- Informes da Presidencia.

a) Resolucións da Alcaldía.

14. Rogos e preguntas.

A partir desta data a documentación dos asuntos incluídos na orde do día está a súa disposición na Secretaría do Concello.

O que traslado a Vde. en cumprimento do ordenado da devandita Resolución, indicándolle que de acordo co establecido no artigo 90.2 do mencionado Regulamento, de non existir o quórum necesario esixido no artigo 90.1, entenderase convocada a sesión en segunda convocatoria a realizar a mesma hora dous días despois da sinalada para a primeira.

Cabanas, 26 de maio de 2017.

O Secretario

Asdo/ Antonio López Vila.

Sras/es. Concelleiras/os da Corporación de Cabanas.